



MU

Manual Libros Embotellado

ACIOS: Contabilidade Vitivinícola

Elaborado por Amtega



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

Formulario para asentos de Embotellado

A pantalla principal dos libros de rexistro mostra os libros dispoñibles e unha serie de funcionalidades que se detallan a continuación:

Xestión libros de rexistro

LIBROS DE REXISTRO XESTIÓN

Libros de rexistro

Libros de rexistro

Registro de embotellados

Libro	Produto	Planta	Campaña	Data Autorización	Asentos contables
Registro de embotellados	Vinos	Planta proba asentos	2018-2019	24/01/2019	

Manuais de axuda

1 Importar asentos

2

3 Descargar Plantilla

4 Manual de asentos

Os botóns marcados permiten distintas funcionalidades:

- 1- **Importar asentos**: abre unha ventá que permite importar os asentos contables dende o noso equipo.
- 2- **Lapis**: indica que se permite modificar o libro no que se encontra, ó facer click sobre él levaranos ó listado de asentos que contén.
- 3- **Descargar Plantilla**: inicia a descarga da plantilla que se empregará de base para importar os asentos de Embotellado
- 4- **Manual de asentos**: inicia a descarga do manual de asentos de Embotellado (este manual).

Asento de embotellado

A pantalla de visualización dos asentos de embotellado componse dunha serie de filtros para facilitar a búsqueda e botóns para distintas accións:

Asentos de embotellado

Pranta : Planta proba asentos

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN > LISTA ASENTOS

Asentos Entrada **1** Asentos Saída **2**

Filtro de asentos

Tipo de movemento: Número lote: Ano colleita: Cor:

Variedade: Data dende: ata: Graduación adquirida dende:

Graduación adquirida ata: Graduación absoluta dende: Graduación absoluta ata: **3**

Listado asentos

8 **7** **6**

Accións do asento	Data asento	Designación produto					Tipo movemento	Cantidade (L)	Número botellas	Serie	Referencia precintos		Número lote	Embotellado por encarga	
		Cor	Grao	Graduación Absoluta	Variedades	Ano colleita					Ref. precintos inicio	Ref. precintos fin		Nome embotellador	Enderezo embotellador
	07-11-2019	Tinto				2019	Por encarga	100,00	10				3		
	06-11-2019	Tinto				2019	Por encarga	,50	4						

Os botóns e recadros marcados permiten as seguintes funcionalidades:

- 1- Asentos de entrada: permite seleccionar a pantalla dos asentos de entrada que nos serve para ver os asentos dispoñibles ou engadir novos asentos, ésta é a opción por defecto.
- 2- Asentos de saída: permite seleccionar a pantalla dos asentos de saída que nos serve para ver os asentos dispoñibles ou engadir novos asentos.
- 3- Filtros de asentos: permiten filtrar os asentos mostrados no listado de asentos segundo os parámetros indicados. No asento de saída non se permite filtrar por variedade.
- 4- Limpar: limpa os valores escollidos con anterioridade nos filtros de asentos.
- 5- Buscar: fai o filtrado dos asentos en base ós filtros escollidos.
- 6- Engadir asento: levaranos a unha nova pantalla que permitirá engadir novos asentos.
- 7- Avisos: indica si o asento está completo (), incompleto editable () ou incompleto non editable ()
- 8- Accións do asento: permite crear un asento de saída a partires do de entrada, editar o asento ou visualizalo si xa non se permite a edición. No caso de ser un asento de saída permitirá ir ó asento de orixe si existe, editar o asento de saída ou visualizalo si xa non se permite a edición.

Asento de embotellado de entrada

A seguinte imaxe mostra o formulario que se abre ó empregar o botón de engadir asento (6) e que nos permite engadir novos asentos de embotellado de entrada:

Asentos de embotellado

Pranta : Planta proba asientos

[LIBROS DE REXISTRO](#) > [XESTIÓN](#) > [LISTA ASENTOS](#) > [NOVO ASENTO DE ENTRADA](#)

Novo asento de entrada

Tipo de movemento *	Descrición movemento	Número lote	Data *
Selecciona			dd/mm/aaaa
Serie	Ref. precintos inicio	Ref. precintos fin	Cor *
			Selecciona
Cantidade (L) *	Graduación adquirida	Graduación Absoluta	Orixe da compra
			España
Ano colleita *	Número botellas *	Capacidade botellas	
2019		Selecciona	

Variedades

Variedade	Porcentaxe	Accións da variedade
+		

Observacións

[← Atrás](#) [+ Crear](#)

A area dos campos seleccionables permite a inserción dos datos do novo asento de embotellado de entrada.

O botón Atrás lévanos de volta a pantalla coa lista dos asentos de embotellado de entrada sen crear un novo asento.

O botón Crear engade un novo asento en base ós datos introducidos no formulario.

O formulario componse dos seguinte valores, algúns son seleccionables e outros de entrada de texto:

- **Tipo de movemento:** permite seleccionar o tipo de movemento, os valores dispoñibles correspóndense cos movementos de entrada, por exemplo Embotellado, Existencias iniciais, Devolución, etc. No caso do valor **“Regularización”**, empregarémolo cando sexa preciso facer regularización de movementos por erros en anotacións anteriores.

Se seleccionamos o valor “Por encarga” aparecerá un novo campo que nos mostra os embotelladores que se atopan asociados á planta do usuario que se logueou. A información aparece no formato “DNI-Nome Apelidos”. Se seleccionamos un valor aparecerán os botóns

“Detalle” (abre unha modal coa información ampliada do embotellador) e “Ir a embotellador” (que nos leva á vista correspondente do embotellador).

Nome embotellador

59306450F-Manuel López

Detalle

Ir a embotellador

- **Descrición movemento:** descrición do movemento, campo de entrada de texto libre.
- **Número lote:** número do lote, campo de entrada de texto libre.
- **Data:** data do asiento que se desexa crear.
- **Serie**
- **Ref. Precintos inicio:** referencia do precinto inicial.
- **Ref. Precintos fin:** referencia do precinto final.
- **Cor:** cor da uva.
- **Cantidade:** cantidade do produto expresada en litros.
- **Graduación adquirida:** graduación alcohólica adquirida.
- **Graduación Absoluta:** graduación alcohólica absoluta.
- **Orixe da compra:** orixe da compra, por defecto toma o valor España, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi .
- **Ano colleita:** ano da colleita, por exemplo 2019.
- **Número botellas:** número de botellas.
- **Capacidade botellas:** capacidade das botellas empregadas, os valores seleccionables van dende os 10 cl ata os 200 cl. No caso de escoller o valor “Outros” mostrarase outro campo para indicar manualmente a capacidade da botella expresada en cl.

Capacidade botellas

Outros

Capacidade (cl)

|

- **Variedades:** despregable que nos permite engadir as variedades para o asiento e as súas porcentaxes.

Variedades		
+	Variedade	Porcentaxe

Clikando no botón “+” unha pop-up que nos permite engadir variedades e o seu porcentaxe.

- O campo percentaxe é obrigatorio e non debe ter decimais.
- Os botóns “+” e “-” permiten engadir e eliminar variedades dinamicamente.
- O botón cancelar detén o proceso de introducción de variedades
- O botón aceptar garda as variedades. Permanecerá deshabilitado se non se completa o campo variedade ou se non hai ningún grupo de Variedade/Percentaxe. Se se supera o 100% na suma dos percentaxes amosarase un erro ao clicar.


Se os datos son correctos engadirase o conxunto variedade/porcentaxe na táboa de variedades do formulario. As accións da variedade mostrarán dúas iconas que nos permiten editar e eliminar unha variedade.

- **Observacións:** ampliar a información do asento que se desexa crear.

Asento de embotellado de saída

A pantalla de visualización dos asentos de embotellado de saída e o formulario de inserción de novos asentos funciona exactamente igual ca a dos asentos de embotellado de entrada.

A seguinte imaxe mostra o formulario de inserción de novos asentos:



A área dos campos seleccionables permite a inserción dos datos do novo asiento de embotellado de saída.

O botón Atrás lévanos de volta a pantalla coa lista dos asentos de embotellado de saída sen crear un novo asiento.

O botón Crear engade un novo asiento en base ós datos introducidos no formulario.

O formulario componse dos seguinte valores, algúns son seleccionables e outros de entrada de texto:

- **Tipo de movemento:** permite seleccionar o tipo de movemento, os valores dispoñibles correspóndense cos movementos de saída, por exemplo Ventas, Regularización, etc. Neste caso, hai opcións que se empregarán para casos concretos:
 - **Regularización:** empregárase cando sexa preciso facer regularizacións de movementos por erros en anotacións anteriores.
 - **Merma:** esta opción escollérase para indicar as perdas por evaporación, en total non poderán superar o 3% do total anual.
 - **Perda:** opción a escoller para indicar cantidades que se perderon en accidentes ou problemas cos produtos.

No caso de escoller o valor “Ventas” no campo “Tipo de movemento” aparecerán catro novos campos obrigatorios:

- **Documento comercial:** documento comercial, só está dispoñible o ter seleccionado o valor “Ventas” no Tipo de movemento. Pode tomar os valores Albarán ou Factura.



- **Número documento:** número da factura ou albarán, só está dispoñible o ter seleccionado o valor “Vendas” no Tipo de movemento.

- **Destino da venda:** destino da venda, toma por defecto o valor España, só está dispoñible o ter seleccionado o valor “Vendas” no Tipo de movemento, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi .

- **Finalidade:** finalidade da venda, toma por defecto o valor Viño, só está dispoñible o ter seleccionado o valor “Vendas” no Tipo de movemento, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi .

Tipo de movemento *	Data *	Documento acompañamento (EMCS)	
Vendas	dd/mm/aaaa		
Documento comercial *	Número documento *	Destino da venda	Finalidade
Selecciona		España	Viño

- **Data:** data do asiento que se desexa crear.
- **Documento acompañamento (EMCS):** número do documento EMCS.
- **Número lote:** número do lote.
- **Cantidade:** cantidade do produto expresada en litros.
- **Cor:** cor da uva.
- **Observacións:** data do asiento que se desexa crear.

Importación de asentos de embotellado de Entrada/Saída


Asento de Embotellado

Para a importación de asentos embotellado de entrada ou saída mediante a plantilla proporcionada deberánse cubrir os campos cos valores correspondentes. O formato do ficheiro que se vai a importar debe ser o mesmo ca o da plantilla descargada (csv).

Consideracións previas:

a) Se queremos cubrir a plantilla utilizando **LibreOffice Calc** debemos ter en conta:

1.- Escoller correctamente a configuración inicial de codificación e separadores




2.- Ao cubrir os campos, dependendo da nosa configuración do programa, pódense substituír datos automaticamente, por outros que non serán válidos para a importación. Por exemplo:

- Na columna *DATA* introducimos 10/10/2020 e cámbiasenos a 10/10/20
- Na columna *TIPO_LIBRO* introducimos de ES_2 e cámbiasenos a ES₂

Para solucionar este problema seleccionamos 'Herramientas' > 'Opciones de autocorrección' > 'Opciones' e desmarcamos o check 'Usar tabla de sustituciones'

b) Permitir ceros ('0') á esquerda de datos de tipo numérico: É posible que precisemos introducir códigos que comezan polo número 0 (ex: 00054819). Tanto Excel como LibreOffice Calc borrarán por defecto estes ceros á esquerda ao establecer que a celda é de tipo numérico. Para evitar isto seleccionamos a celda correspondente, click dereito, 'Formato de celdas' e escollemos a opción 'Texto'.



Campos obrigatorios común: NIF_OPERADOR, NUMERO_NIDPB, TIPO_LIBRO, CAMPANHA, MOVEMENTO, TIPO_MOVEMENTO, DATA, COR, CANTIDADE, GRADUACION, REFERENCIA_MOVEMENTO, ANO_COLLEITA E NUM_BOTELLAS.

Campos obrigatorios saída con tipo de movemento 'Venda': TIPO_DOCUMENTO e CODIGO_DOCUMENTO

A continuación especificanse os posibles valores de cada campo ou unha breve explicación para os de entrada libre:

- **NIF_OPERADOR:** NIF do operador da planta na que se desexa facer a importación.
- **NUMERO_NIDPB:** Número NIDPB da planta na que se desexa facer a importación.
- **MOVEMENTO:** movemento de entrada ou saída (empregarase o código correspondente)

Código (valor a empregar)	Descrición galego	Descrición castelán
E	Entrada	Entrada
S	Saída	Salida

- **CAMPANHA:** indica a campaña, empregarase a campaña correspondente, por exemplo 2018-2019.
- **TIPO_LIBRO:** tipo de libro de embotellado (empregarase o código correspondente)

Código (valor a empregar)	Descrición galego	Descrición castelán
EM_1	Viños	Vinos
EM_2	Viños con DOP	Vinos con DOP
EM_3	Viños con IXP	Vinos con IGP
EM_4	Viños sen DOP/IXP con dereito de indicación de variedade e colleita	Vinos sin DOP/IGP con dercho de indicación de variedad y cosecha
EM_5	Outros viños e produtos vitivinícolas	Otros vinos y produtos vitivinícolas

EM_6	Produtos vitivinícolas aromatizados	Productos vitivinícolas aromatizados
------	-------------------------------------	--------------------------------------

- **TIPO_MOVIMIENTO:** tipo de movemento, este depende do movemento, xa sexa de entrada ou saída (empregarase o código correspondente)

Código (valor a empregar)	Movemento	Descrición galego	Descrición castelán
1	Entrada	Existencias iniciais	Existencias iniciales
2	Entrada	Embotellado	Embotellado
3	Entrada	Devolución	Devolución
4	Entrada	Regularización	Regularización
5	Saída	Vendas	Ventas
6	Saída	Regularización	Regularización
7	Entrada	Por encarga	Por encargo
8	Saída	AutoConsumo	AutoConsumo
9	Saída	Mermas	Mermas
10	Saída	Perdas	Pérdidas
11	Entrada	Asignación datos comerciais	Asignación datos comerciales
12	Saída	Asignación datos comerciais	Asignación datos comerciales
13	Entrada	Traslado planta	Traslado planta
14	Saída	Descorche	Descorche
15	Saída	Traslado planta	Traslado planta

- **DESCRIPCION_MOVIMIENTO:** descrición do movemento, é de entrada libre.
- **REFERENCIA_MOVIMIENTO:** referencia do movemento.
- **TIPO_DOCUMENTO:** o tipo de documento depende do movemento, neste caso só aplica para os movementos de venda (cubrirase só no caso de ser un tipo de movemento Venta e empregarase o código)

Código (valor a empregar)	Movemento	Descrición galego	Descrición castelán
1	Venda	Albarán	Albarán
2	Venda	Factura	Factura

- **CODIGO_DOCUMENTO:** código do documento (cubrirase só no caso de ser un tipo de movemento Venta)
- **EMCS:** documento acompañamento do sistema de control de movementos de impostos especiais
- **LOTE:** número de lote.
- **LOTE_ANTERIOR:** número de lote anterior.

- **REF_PRECINTO_INI:** referencia do precinto de inicio.
- **REF_PRECINTO_FIN:** referencia do precinto final.
- **DATA:** Data do asento que se desexa importar, expresase no formato dd/mm/aaaa, por exemplo 16/02/2019.
- **COR:** cor da uva (empregarase o código correspondente)

Código (valor a empregar)	Descrición galego	Descrición castelán
B	Branco	Blanco
T	Tinto	Tinto

- **CANTIDADE:** cantidade do produto expresada en litros.
- **GRADUACION:** graduación alcohólica.
- **VARIEDADE:** variedade da uva. Empregarase o código correspondente, e seguidamente a porcentaxe da variedade entre paréntesis. A porcentaxe da variedade deberase por sen decimais e sen o carácter da porcentaxe %. Exprésase no seguinte formato: *variedade(porcentaxe)*. En todo caso, a suma das porcentaxes das variedades non pode ser maior de 100. No caso de engadir máis dunha deberánse separar por comas, respetando o formato. Ej: 6(25), 9(50), 53(10).

Código (valor a empregar)	Descrición galego	Descrición castelán
2	Tempranillo	Tempranillo
6	Palomino	Palomino
9	Macabeo, Viura	Macabeo, Viura
32	Albillo	Albillo
52	Garnacha tintoreira	Garnacha tintorera
53	Mencía	Mencía
105	Treixadura	Treixadura
106	Albariño	Albariño
107	Torrontés	Torrontés
109	Godello	Godello
110	Ferrón	Ferrón
111	Loureira, Loureiro Branco, Marqués	Loureira, Loureiro Blanco, Marqués
112	Caiño Branco	Caiño Blanco
113	Sousón	Sousón
118	Espadeiro, Torneiro	Espadero, Tornero
123	Doña branca	Doña blanca
124	Gran negro	Gran negro
125	Brancellao	Brancellao
126	Mouratón	Mouratón
128	Pedral, Dozal	Pedral, Dozal
147	Branco lexítimo	Blanco legítimo

162	Loureiro tinto	Loureiro tinto
213	Caiño tinto	Caiño tinto
214	Agudelo	Agudelo
302	Merenzao, María Ordoña	Merenzao, María Ordoña
334	Lado	Lado
363	Castañal	Castañal
555	Branca de Monterrei	Blanca de Monterrei
556	Caiño bravo	Caiño bravo
557	Caiño Longo	Caiño Largo
600	Albilla do Avia Branco	Albilla do Avia Blanco
601	Ratiño Galega Branco	Ratiño Gallega Blanco
777	Bruñal, Albarín Tinto	Bruñal, Albarín Tinto
900	Mestura de variedades	Mezcla de variedades
996	Sen enxertar con dereitos recoñecidos	Sin injertar con derechos reconocidos
999	Sen identificar	Sin identificar

- **ANO_COLLEITA:** ano da colleita, por exemplo 2019.
- **NUM_BOTELLAS:** número de botellas.
- **CAPACIDADE:** capacidade das botellas, empregárase a capacidade expresada en número de litros, a continuación móstrase unha táboa dos valores dispoñibles

Capacidade en litros (valor a empregar)	Capacidade en centilitros
0.10	10
0.125	12.5
0.187	18.7
0.20	20
0.25	25
0.375	37.5
0.50	50
0.75	75
1.0	100
1.5	150
2.0	200

- **ORIXE_DESTINO:** Orixe da compra no caso de ser a importación dun asento de entrada de embotellado ou destino da venda no caso de ser a importación dun asento de saída de embotellado de tipo Venda, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi (empregárase o código correspondente, no caso de non se especificar emprégase o valor por defecto 01-España). A continuación amósanse os posibles valores que se poden empregar:

Código (valor a empregar)	Descrición
---------------------------	------------



01	España
02	UE
03	Terceiros países

- **FIN:** finalidade, campo empregado nas importación dun asento de saída de embotellado de tipo Venda, este campo emprégase para cubrir as declaracións ó Infovi (emregarase o código correspondente, si non se especifica emrega por defecto o valor 01-Viño). A continuación amósanse os posibles valores que se poden emregar:

Código (valor a emregar)	Descrición
01	Viño
02	Destilación
03	Vinagraría

- **DOCUMENTO_IDENTIFICACION_EMBOTELLADOR:** documento que identifica ao embotellador, cubrirase no caso de ter escollido o valor “Por encarga” no tipo de movemento.
- **OBSERVACIONES:** campo de texto de entrada libre (máximo 250 caracteres).